

**MODIFICACIÓN DA REDE DE DRENAXE  
DA ESTRADA PO-223 (PONTEVEDRA)**

**CLAVE: PO/23/169.02**

## 1. Obxecto da Actuación

O presente documento ten por obxecto definir as actuacións necesarias para dotar de continuidade os diferentes treitos de colector lonxitudinal de drenaxe de augas pluviais da marxe dereita da estrada PO-223 entre os puntos quilométricos (PP.KK.) 3+640 e 4+450 previstos nas obras de "Mellora viaria para o fomento da mobilidade sostible na PO-223 (O Couso – Sobral) e PO-224 (San Andrés de Xeve)" de clave PO/21/190.06, actualmente en execución, evitando o vertido na obra de drenaxe transversal (ODT) existente á altura do P.K. 4+460 da marxe dereita da PO-223, dando cumprimento a Sentenza núm. 240/2022 do Xulgado Contencioso Administrativo núm.3 de Pontevedra.

## 2. Plan de Estradas

A estrada PO-223 pertence á Rede Local de estradas da Xunta de Galicia.

## 3. Descrición da Actuación

É preciso completar o colector lonxitudinal de augas pluviais da estrada PO-223 entre os P.K 3+900 e 4+050 (treito no que a actuación de clave PO/21/190.06 non prevé a instalación de colector de drenaxe), e realizar o desaugue da rede na entorna do P.K 3+640, onde xa existe unha ODT en funcionamento.

Estas actuacións están motivadas polo contido da sentenza núm. 240/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm.3 de Pontevedra que resolve o recurso dun particular tras unha reclamación de responsabilidade patrimonial deste polos danos e prexuízos sufridos por el nunha finca da súa propiedade situada á altura do PK 4+460, marxe esquerda, da PO-223. A Sentenza obriga á Administración a evitar a escorrenta de augas pluviais á parcela do recorrente.

## 4. Características técnicas

Preténdese dar continuidade ao colector previsto na estrada PO-223, para o cal se executará un novo treito de colector entre os P.K 3+900 e 4+050. Deste xeito, será necesario ampliar a capacidade de desaugue de todo o caudal de escorrenta do treito dende o inicio da actuación (P.K 3+640 da PO-223) ata a intersección entre esta vía e a PO-224 (P.K 4+730), mediante a execución dunha nova ODT a altura do P.K 3+690 cun diámetro interior de 800 mm.

Actuacións previstas:

- Drenaxe lonxitudinal: colocarase o treito de colector en tubaría de PVC Ø 630 mm. Dado que o colector cruza baixo o vial de acceso situado no P.K 3+980, inclúese a demolición e reposición do pavimento, que se executará ca seguinte sección de firme: 5 cm de formigón bituminoso tipo AC 16 surf BC 50/70 S + 5 cm de formigón bituminoso tipo AC 22 bin BC 50/70 S + 30 cm de saburra artificial. No resto de zonas o colector lonxitudinal discorre baixo a beirarrúa ou zonas axardinadas que xa estaba previsto pavimentar nas obras de "Mellora viaria para o fomento da mobilidade sostible na PO-223 (O Couso – Sobral) e PO-224 (San Andrés de Xeve)", actualmente en execución.  
A pendente lonxitudinal do colector e a existencia dunha liña eléctrica de media tensión soterrada no entorno do P.K 3+950, fai necesario colocar o colector a unha profundidade reducida, por encima da liña de media tensión.  
No treito final, a pendente lonxitudinal limitarase ao 3% mediante pozos de resalto.
- Drenaxe transversal: dado que se anula o punto de vertido da marxe dereita da rede de drenaxe, e que a sección da ODT no P.K 3+640 (Ø400 mm), executarase unha nova ODT ubicada a altura do P.K 3+690, con tubaría de formigón armado de Ø800 mm, executando as correspondentes arquetas de entrada e de saída, conectando na arqueta de saída o colector lonxitudinal de drenaxe existente pola marxe esquerda da PO-223. Será necesario a demolición do pavimento existente e posterior reposición do mesmo. Neste caso, prevese unha pavimentación provisional con formigón de gambia de 25 cm de espesor, para posteriormente, ao final da obra, fresalo e repavimentar con mesturas bituminosas e capa de rodadura prevista no proxecto da mellora da PO-223.  
Prevese a reposición da gambia de pé de terraplén existente entre o P.K 3+630 e 3+690 pola marxe esquerda, ampliando a sección transversal e dispoñendo un revestimento para evitar posibles erosións do terreo. Será un canal revestido de sección trapezoidal de 0,8 /1,5 m x 0,7 m. Nos treitos de maior pendente, colocaranse bloques de pedra a modo de disipadores de enerxía para reducir a velocidade da auga. Nos treitos de maior pendente executase un sistema escalonado.

## 5. Principais unidades de obra

Tubo de PVC corrugado Ø=630 mm dobre parede SN-8	162,00 m
Pozo de rexistro Ø=100 mm para tubos ata Ø=600	4 ud
Formigón HM-20 en reforzo de conduccións	6,40 m <sup>3</sup>
Tubo de formigón armado Ø=800 mm	14,00 m
Arqueta de formigón in situ HM-20 de 80x80 cm	1 ud
Arqueta de formigón in situ HA-25 de 140x80 cm	1 ud
Arqueta de formigón in situ HA-25 de 140x120 cm	1 ud
Canal trapezoidal encachado/revestido con pedra/formigón	52,00 m
Canal trapezoidal 0,8/1,50 m e h=0,70 m revestido con formigón	3,00 m
Encachado de pedra con base de formigón	12,00 mtn
Fresado de pavimento existente (por cm de espesor)	412,50 m <sup>2</sup>
MBC tipo formigón bituminoso AC 22 bin BC 50/70 S	8,09 tn
Betume mellorado con caucho BC 50/70	0,42 tn

## 6. Poboación Servida

Pontevedra 82.828 hab.

**TOTAL: 310.428 hab. (IGE 2022)**

## 7. Concellos Afectados

Pontevedra

## 8. Expropiacións

Parcelas afectadas: 2 pertencentes ao concello de Pontevedra.

Expropiación de terreos	1.872,00 €
Bens Afectados	150,00 €
Premio de afección	101,10 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.123,10 €</b>



## 9. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de SEIS (6) meses.

## 10. Orzamentos

<b>Orzamento Base de Licitación (c/IVE)</b>	<b>48.254,07 €</b>
<b>Orzamento expropiacións e bens afectados</b>	<b>2.123,10 €</b>
<b>Orzamento para coñecemento da administración</b>	<b>50.377,17 €</b>

# PLANO DE SITUACIÓN



ENTORNO DO P.K 3+640

ENTORNO DO P.K 4+050



SECCIÓN GABIA DE PÉ DE TERRAPLÉN: Canal trapezoidal encachado/revestido con pedra/formigón

